













































































especialmente cando non obtiveses satisfacción no exercicio dos teus dereitos, mediante escrito dirixido a [dpo@ibercaja.es](mailto:dpo@ibercaja.es) ou a través do web <https://www.aepd.es>.

## **9. Análises de riscos e avaliacións de impacto en protección de datos**

A entidade levou a cabo unha análise dos diferentes riscos existentes en materia de protección de datos respecto dos tratamentos de datos identificados no presente documento. Deste xeito, partindo da necesidade e da proporcionalidade do tratamento que se realizará con respecto á súa finalidade, **aválense os riscos para os dereitos e liberdades do cliente e contéplense as medidas previstas para afrontalos, xestionalos e tratar de mitígalos**, para garantir a protección dos seus datos persoais.

Nas cuestións analizadas foron tidos en conta, entre outros, os aspectos relativos a:

- Volume de datos obxecto de cada tratamento.
- Participación de terceiros no fluxo de datos.
- Avaliación de aspectos persoais de persoas físicas.
- Clasificación e segmentación.
- Realización de labores de xestión de solvencia.
- Utilización como referencia de ficheiros externos.
- Contratación de provedores externos.
- Cesión de datos.
- Bases lexitimadoras do tratamento.
- A posibilidade de exercer os dereitos en materia de protección de datos polos interesados.

Tras as análises realizadas, Ibercaja levou a cabo as avaliacións de impacto en protección de datos que se determinaron a partir das análises de riscos previamente realizadas. Poderás requirir o acceso aos aspectos esenciais de tales avaliacións de impacto mediante solicitude enviada ao enderezo [dpo@ibercaja.es](mailto:dpo@ibercaja.es).

## **10. Quen é o delegado de protección de datos de Ibercaja?**

En Ibercaja designamos unha persoa, o «delegado de protección de datos», para velar pola debida protección dos datos persoais dos nosos clientes, así como para garantir que en Ibercaja se cumpren todas as esixencias legais en materia de protección de datos de carácter persoal.

Esta persoa será a encargada de facilitarche toda a información que precises en materia de protección de datos. Se necesitas contactar, podes facelo a través do seguinte enderezo electrónico: [dpo@ibercaja.es](mailto:dpo@ibercaja.es).

*Última actualización: 5 de decembro de 2022*